Saíron en canto Henry o foi buscar e comenzaron o traxecto dende a estación. O tren era moi rápido polo que chegaron ao seu destino en moi pouco tempo. Xusto cando saíron do tren comezou a caer unha forte nevada. Eles seguiron sen acovardarse ata que non houbo mais remedio que parar. A neve era tan forte que cubrira os sinais que os levaban ao seu destino, desorientáronse e seguiron recto cando tiñan que xirar á esquerda. Asi que cando viron que a tarde estaba a rematar tiveron que sacar o mapa que levaba Henry, nel aparecía sinalada unha pousada nomeada a "Pousada dos lobos". A Roque non lle gustou nada o nome da pousada pero como a noite se lles botaba encima e ademais estaba demasiado famento e cansado para discutir co seu primo. Cando chegaron ninguén saiu recibilos o que era moi extraño porque a cheminea estaba acendida e unha gran mesa de Nadal estaba posta no medio do salón. Houbo uns segundos de silencio, os dous curmáns miráronse confusos e por moito que chamaron ao timbre ninguén saía atendelos e decidiron entrar na habitación da mesa de Nadal e sentarse un pouco a esperar cando, de súpeto oiuse un trono e apagáronse as luces, so quedaron á luz da cheminea e viron unha sombra achegarse, Roque botou un berro e xusto despois volveu a luz e oírinse unhas voces decir ¡FELIZ NADAL ROQUE!

Era toda a familia reunida na posada

**MANUEL 6ºB**

## NYALGONDHO E A PRINCESA
## PERDIDA DO LAGO VICTORIA

Ao amencer de cada novo día de todolos días do ano, os homes e as mulleres da tribu dos lúo agardaban pacentemente a que saría o sol. Cando o sol empezou a brillar e anunciaba o novo día, enviábanlle as oraciones. Asì o fixo Nyalgondho a mañana na que empezaba este conto,vendo a saída do sol apoiado na súa cabana do poblado da orilla do lago Victoria. Nyalgondho era un humilde pescador,fillo dun home moi pobre. Ningunha muller quería casar con el e imaxinaba o resto da súa vida andando so pola beira do lago. Pero un día os deuses enviáronlle unha sorpresa.

Un illote flotante do lago chegou a terra cunha muller perdida e unha cabra a bordo. Viñan dun país descoñecido. Mentres os paxaros cantaban sen parar, a muller perdida e a súa cabra non sabían que futuro lles agardaba naquela terra estraña.

Nyaldongo atopou á muller perdida e á súa cabra sentadas e arrepiadas no illote que fora parar á beira do lago Victoria. Acercouse para falar coa muller perdida. Estivera flotando polas augas durante moito tempo coa súa cabra. Nyalgondho propúxolle ir á súa cabana e alí, moi cerca do lago Victoria, poucos días despois, casaron.

Nyalgondho,o pescador pobre que non perdera a esperanza de atopar esposa, converteuse no home máis afortunado do pobo ao casar coa muller perdida. Os dous puxéronse a traballar ombreiro con ombreiro: el pescaba e ela secaba o peixe para vendelo aos mercados. Nyalgondho deixou de ser pobre. E casou con tres mulleres máis.

Pero tanto as outras esposas como toda a xente do pobo, pensaban que a muller perdida do lago era distinta.Era silenciosa e elegante, as súas mans eran finas e non

parecían ter traballado a terra, a diferenza das demais mulleres. Todos a respectaban sen saberen moi ben por que. Nyalgondho tamén a respectaba e case non falaba con ela. Pero traballaba moito e procuraba que á súa gran familia non lle faltase de nada. Sen embargo era difícil. A pesca non sempre era boa e a terra non daba tódolos froitos que desexaba, aínda que se esforzaba moito. Unha tarde Nyalgondho atreveuse a preguntarlle á muller que chegara do lago se era feliz. Ela non respostou.

A mañá seguinte,a muller perdida do lago foise do pobo de Nyalgondho sen dar ningunha explicación. Os paxaros que vixiaban o poboado viron como se alonxaba das cabanas cara a beira orilla do lago Victoria.

Pasaron dous, tres catro días. É incluso cinco e seis… E entón os paxaros viron como se acercaba un illote flotante coa muller de Nyalgondho e, con ela, un grande rabaño de búfalos, vacas e cabras.

Cando a muller perdida puxo os pés en terra firme e no lugar onde coñecera a Nyalgondho, enviou unha plegaria aos seus deuses: "Estas son as terras ás que pertenzo agora. Volvín convosco. Acompañádeme a min e a todos os animais que me sigan.

E así foi como todas as cabras, búfalos, vacas e paxaros seguiron á muller misteriosa polos camiños, cara a arriba. Nyalgondho,avisado pola xente Nyalgondho foi correndo cara ao lago e non podía crer o que vían os seus ollos .

Cando tivo diante á muller que voltara, viu que estaba ante alguén importante. Levaba xoias e un vestido de princesa.

Vin para quedarme. E trouxen as miñas riquezas para compartilas cun home bo coma ti e coa túa familia.

Nyalgondho segiu erguéndose cada día ao mencer para darlle a benvida ao sol cando comezaba unha nova xornada. E á súa familia nunca volveu faltarlle de nada.

**DIEGO 6º B**

## A PRINCESA,O LUME E A CHUVIA

Cóntase que había un rei que tiña unha filla moi fermosa. Ían pasando os anos e cada vez era máis e máis fermosa.Os habitantes dos pobos do reino estaban convencidos de que era a xoven máis fermosa do mundo. Había moitos homes que querian casar con aquela princesa,pero os primeiros que pediran a súa man eran o lume e a chuvia.

Un día a chuvia foi ver á princesa ás agachadas e preguntoulle se quería casar con ela. Á princesa pareceulle boa idea. A chuvia era poderosa. Gracias á auga que faría medrar as colleitas dos campos e a herba para os rabaños. Gracias á chuvia tiñan auga para beber e para se lavar e os lagos e ríos estaban cheos de peixes. Así que aceptou a proposta.

Ese mesmo dia ,o lume foi visitar ao rei e pediulle o seu consentimento para casar coa sua filla.Ao rei pareceulle unha boa idea.O lume era poderoso.Grazas as súas chamas poderiamos asustar aos animais mais poderosos, quentarse cando fixera frio,cociñar e iluminar as noites escuras.Asi que aceptou a proposta.

O rei fixo chamar á súa filla e anunciou a decision que tomou:

-Prometinlle ao lume que casarías con el.

-Co lume? Pero ¡se eu prometinlle á chuvia que casaria con ela!

-E agora, qué faremos?- exclamou o rei, preocupado.

-Estamos atrapados entre dúas promesas!

O lume e a chuvia foron visitar á princesa á vez,e o rei,que saiu recibilos, aproveitou para dicirlles que xa decidira a data da voda para a saúa filla.

-A súa voda conmigo? -preguntou o lume.

-A súa voda conmigo? -preguntou a chuvia.

-A princesa casarase con quen gañe a carreira que organizará a voda.

A medida que achegaba a data do enlace, no pobo medraba a expectación . Algúns estaban convencidos de que gañaaria o lume. Outros pensaban que gañaría a chuvia.A princesa non llo dixo a ninguén, pero tiña moi claro que, gañase quen gañase a carreira que organizou o seu pai, ela mantería a súa promesa e casaria coa chuvia.

Chegou o dia da voda e da carreira. Sopraba un forte vento.O rei fixo un sinal coa man en redoble de tam-tam. Iniciouse a carreira. Ao principio o lume ía gañando porque o aire axudáballe a manter as lapas e a avanzar rapidamente.E a chuvia non facia prácticamente ningún esforzo, so caian catro pingas do ceo. O lume seguia avanzando con rapidez e todos crían que gañaría fácilmente.Cando o lume estaba a punto de chegar ao lugar onde se atopaban o rei e a princesa, oiuse un trono e todo o mundo viu como a chuvia se preparaba para caer.Pero…xa parecia demasiado tarde! O lume avanzaba e, cando lle quedaban poucos metros,a chuvia soltou una cortina de auga con todas as súas forzas.O lume apagouse de supeto antes de chegar ao final e a chuvia foi declarada vencedora.

A princesa bailou feliz baixo a chuvia que caía ao ritmo do tam-tam,que aínda sonaba.

Desde aquel dia, sempre existiu una enemizade entre o lume e a chuvia. E cando chove con forza, aínda hai moitas persoas que se poñen a bailar baixo a auga que cae do ceo recordando a voda da princesa.

## O ESCRAVO E O LUME DA AMIZADE QUE O LIBEROU

Din que nas terras do norte de Etiopía,cheas de montañas altas,habia un home escravo que traballaba nos campos de algodón.cada día erguíase cando saia o sol e non paraba de recoller algodón ata o atardecer. Despois limpaba a casa do seu amo, daba de comer aos animais,cortaba madeira…O tempo pasaba e aquel home estaba cada vez máis cansado.Un día, cando xa non podía máis,foi ver ao seu amo e díxolle:

-Fun o teu escravo durante moito tempo. Prometéchesme a liberdade.cando ma darás?

O seu amo botou a rir.

-Ou sexa, que queres ser libre? Pois agora direiche o que tés que facer! Ves a montaña chea de neve e de xeo que empeza onde acaba noso pobo? Esta noite tés que subir ata arriba ata o cumio. O aire é moi frío, pero debes quedarte alí ata que se faga día. Se podes sobrevivir sen roupa nen ningún tipo de refuxio, tan desprotexido coma as rochas que hai alí, serás libre.Estarás nu e so.

O escravo foi ver ao seu mellor amigo,que era un home vello e moi sabio.

-Que fago?- preguntoulle-.Como sobrevivirei a esta noite? Se fago o que me dixo o meu amo, morrerei conxelado!

O seu amigo pensou en silencio ata que lle dixo:

-Eu axudareiche.

Cando se fixo de noite, o home que era escravo empezou a subir a montaña e o amigo,moi cargado de leña,empezou a subir outra montaña que que habia un pouco máis alá. O home que era escravo chegou ata a cima da montaña e alí se quedou,descalzo,sen roupa e tremendo de frío. Todo estaba nevado e o aire era o mais frío que sentira xamais.

As rochas estaban cubertas de xeo e custáballe respirar. De súpeto, na montaña de enfrente acendeuse un gran lume de chamas xigantes que iluminaban a escuridade da noite. Detrás do lume viu ao seu amigo esforzándose por manter as chamas ben acesas, botando máis e máis leña para asegurarse de que non se apagase.

O home, que era escravo, descubriu que as chamas do lume do seu amigo conseguiran quentar o aire e xa non tiña tanto frío. Xa non tremía. Estaba alí arriba, nu e desprotexido, contemplando o lume da montaña do lado sen ter frío. Pasou toda a noite mirando o lume que o seu amigo acendera para el, e o frío non o venceu.

Ao día seguinte, caido saiu o sol, baixou da montaña e foi ver ao seu amo. Atopouno moi enfadado. Non quería liberar ao seu escravo pero non lle quedaba outra opción:

-Podes marchar- díxolle.

O escravo que sobrevivira ao frío grazas á amizade xa era un home libre. E libre viviu o resto da súa vida. Desde entón, nos pobos das montañas din que a amizade axuda ás persoas a ser máis libres.

**SARA 6ºB**

## OS NENOS XIGANTES

Había unha vez nun pobo moi lexano uns xigantes apareceron.O primeiro día de escola naide soupo que eran xigantes.(Tomaban unha pócima máxica),moitos días pasou eso.Un día con moita présa olvidáronse de tomar a pócima.Todos os nenos quedaron alucinados ata os seus amigos que aínda non sabían que eran xigantes.Estiveron dous ou tres meses sen ir ao colexio pero ninguén esquecera que eran xigantes.Cando volveron todos lles falaban coma se non pasara nada porque todos eran amigos deles.Sabían que pasaba algo malo pero non querían contalo.Pasara que non estaban no seu mundo,que os levaran a outro mundo mentres estaban durmindo.Pasou moito tempo ata que o descubriron.En canto o souperon regresaron ao seu mundo.Todos acordábanse de que eran xigantes pero non lle deron importancia.

**Carlos Pernas Fraguela 5B**

# O PARQUE DAS MARABILLAS

Erase unha vez un castelo chamado “Torres Prateadas”, onde vivían unhas aporendices de princesas. Era inverno, o día estaba frío, pero o ceo estaba azul e as montañas permanecían cubertas de neve. Diante do castelo había un lago xeado, onde practricaban as princesas a patinaxe sobre xeo para participar nunha competición.




Chegou o día da celebración e non se puido facer porque chovía. Entón a directora e a fada Madriña decidiron manter unha reunión coas princesas e dixéronlles:

- *Queridas princesas, como non se pode celebrar o concurso de patinaxe, imos facer un festival de Nadal, pero iso tédelo que organizar vosoutras soas* – dixo a directora.

- *Nós non podemos axudarvos. Podedes facelo por parellas ou por grupos. Permitirase bailar, cantar, facer obras de teatro, e o gañador recibirá un premio, que consistirá nunha viaxe ao Parque das Marabillas, que este ano está dedicado ao Nadal (ten unha pista de xeo, un posto de madeira onde venden chocolate quente, xoguetes ...* ) – dixo a Fada Madriña

As princesiñas estaban cheas de ledicia, De seguida se xuntaron para formar grupos. Alicia, Patri, Ana, Laura, Lucía e Carme forman o grupo chamado “Prata e Rosa” co que queren participar.

Alicia encargarase de recitar un poema; Patri de darlle ritmo; Ana deseñaría os vestidos, Laura de ensiñarlles a bailar; e Lucía e Carme decorarían o escenario.

Xa tiñan todo listo: as princesas Lucía, Ana e Alicia levarían traxes de cor branca, con folerpas de neve caendo pola falda. Patri, Laura e Carme levarían traxes verdes de terciopelo e unha cinta de cor vermella.

De súpeto, apareceron as dúas irmáns xemelgas: Samanta e Susi, que estaban mirando o que facían as demais princesas porque elas non iñan nada preparado e querían copiar. Pero as amigas, como é natural, non lles deixaron espiar. Chegou o día do festival e todas as princesas estaban ledas e nerviosas. A fada Madriña estaba pasando lista. Comezou o festival e todas as princesas actuarban unhas facendo obras de teatro, outras cantando, tamén bailaban ou recitaban poemas. Chegou o turno de Samanta e Susi que, non o podedes crer, ¡Ían vestidas igualiñas a elas e, incluso Susi recitaba o poema de Alicia!

As integrantes do club non se atrevían a saír ao escenario pero Ana dixo:

*-Non imos consentir que gañen, Farémolo mellor. Imos alá.*

Entón, as seis princesas entraron no escenario e fixeron a súa actuación. Cando remataron todos aplaudiron a rabiar.

Pouco despois a fada Madriña dixo:

*-As gañadoras deste festival son “o club “Prateado e Rosa”, que gañaron a viaxe prometida*.

As compañeiras do club puxéronse moi ledas porque lles facía moita ilusión ir ao Parque das Marrabillas. Alegráronse tamén de que as impostoras quedaran en evidencia por copiar a súa actuación.

**FIN**

# NO ATASCO

Rocío 5ºA




# MARILA NA ZAPATERÍA

Un día, Marila foi á zapatería mercar uns zapatos ...

Uxía 5º A




FÍN


AS MELLORES TRASNADAS
Basada en feitos reais.
Melisa é a pel de Barrabás ...
1º Un día lle dixo a súa tía Andrea :
Melisa, sabes andar en bici ?
Sí.
Pero non sabía .. nin frear.
CRAS
2º Outro día estaba coa súa nai
Que pasará se a quito?
Melisa, non quites a vara
Melisa quita a vara e ...
Plaff
Ai !!!
3º Así quedou Melisa.
Anónimo



HISTORIAS DE CARIÑO.

# Nadal 1941
# Marea negra en Cariño



Transcorría o día de Noiteboa do ano 1941 no noso pobo, en plena guerra mundial, cando a primeiras horas da tarde, aparece no horizonte da ría un barco estranxeiro preto da Estaca de Bares. Como é natural esta presenza esperta a natural curiosidade dos nosos paisanos, nenos e mariñeiros que, deixando as súas habituais tarefas se achegan ao porto e ao Castro de Cariño para poder observar mellor a entrada do buque.

Esta aparente tranquilidade queda perturbada ao pouco tempo pola aparición no ceo dun avión persecutorio, que sobrevoa a zona seguindo o regueiro de combustible deixado polo devandito barco na súa derrota.

Trátase dun buque alemán que, na súa travesía polo mar Cantábrico é sorprendido pola aviación aliada e perseguido para tratar de afundilo. Busca refuxio na costa galega achegándose á nosa ría e, cando entra nas augas de Cariño, xa vén derramando fuel, deixando un longo rastro tras de si.

En realidade, noutros tempos , este navío fora un mercante noruegués que, unha vez capturado polos alemáns foi transformado en barco nodriza para dar servizo de mantemento á flota alemana. Convértese nun petroleiro dunhas 12.000 toneladas que subministra combustible e alimentos a outros barcos e submarinos alemáns.

A tripulación estaba formada por uns vinte homes e a única defensa coa que contaba era un canón e dúas ametralladoras na cuberta do buque.

O avión diríxese ao fondo da ría sobrevoando Figueiroa e a Illa de san Vicente enfilando a continuación cara ao barco, colocándose estratexicamente para soltarlle un torpedo que impacta na popa. Algúns dos presentes manifestan que é unha bomba que entra directamente pola chimea do buque e fai que explote a caldeira. Parece ser que outro avión axuda nas manobras de ataque. O barco queda escorado e coa máquina danada. A continuación, os avións dan dúas ou tres pasadas máis bombardeando tanto o barco coma a zona limítrofe, avisando do perigo de prestarlle axuda por parte dos nosos valentes mariñeiros, que xa se dirixían á zona para tentar socorrer aos posibles náufragos.

O fuel segue verténdose na ría e incluso supón perigo de incendio. Algúns mariños alemáns tíranse ao mar para salvarse. Outro permanece no barco disparando coas escasas armas que posúen e dous homes morren como consecuencia do ataque. Os tanques do barco seguen a derramar o combustible que transporta producíndose una auténtica marea negra que inunda a zona e trata de estenderse pola costa circundante, contaminado todo o que atopa ao seu paso, sendo unha das primeiras mareas negras producidas en Galicia.

Os nosos maiores lembran o acontecemento. Eles eran nenos ou mozos por aquelas datas, pero teñen frescas na retina as imaxes dos avións raseando sobre o monte Mazanteu e incluso sobre os tellados e chemineas das casas de Figueiroa que parecía que os ían tirar. Tamén viron como algunhas bombas impactaban no mar preto dalgúns barcos de pesca que case os afunden.

Daquel suceso lles chamou despois a atención os porcos que apareceron na praia, madeiras nobres que viñan no barco e as pastillas de chocolate que traían os mariñeiros alemáns e que compartían con eles. Nalgúns casos incluso quedaron obxectos procedentes do barco nas casas dalgunhas familias cariñesas, que testificaban a evidencia da catástrofe.

O buque quedou apoiado no fondo sen acabar de afundir. Ao día seguinte trataron de reflótalo e recuperar o cargamento pero o mal tempo impediu a acción e o que non puideron facer os avións ingleses ou norteamericanos foi rematado polo forza brava do mar afundindo definitivamente o barco durante a noite do 5 ao 6 de xaneiro do ano seguinte, inundando a zona doutra terrible mancha de combustible que permanecerá durante moitos meses afectando ao peixe e marisco da ría.

O pecio permanecería no fondo mariño ata que no ano 1958, una compañía especializada recupera os restos, que colocará en forma de pranchas no peirao de Cariño. Parte dos restos quedan espallados polo chan que os cativos aproveitan para xogar con eles. Incluso a "trilita" dos proxectís era arroxada ás lumeiradas de San Xoán onde estouraba violentamente, feito moi festexado polos rapaces alí presentes. O ferro finalmente é vendido como chatarra.

Aquel foi un dos nadais máis negros da recente historia do noso pobo. Ao susto do bombardeo houbo que engadir as secuelas que permaneceron na costa como consecuencia da forte contaminación producida. Afortunadamente a natureza é moi sabia e hoxe en día soamente queda na lembranza dos que viviron aquel extraordinario suceso no Nadal do ano 1941.

Ramiro Fernández Feal





## NADAL.

Os alumnos de sexto queremos felicitarvos este Nadal con esta árbore da amizade.

**Señor:**
Quixera
armar nestes
días
unha árbore dentro do meu
corazón
e colgar en lugar de agasallos
os nomes
de tódolos meus amigos. Os de preto
e os de lonxe. Os de sempre e os de
agora.
Os que vexo cada día, e os que raramente
atopo.
Os de sempre lembrados, e os que as veces se me
esquecen.
Os constantes e os inconstantes. Os das horas
difíciles, e os das horas ledas. Os que sen querer
ferín, sen querer me feriron. Aqueles a quen coñezo
profundamente, e aqueles a quen coñezo a penas polas súas
apariencias.
Os que me deben, e a quen debo moito. Os meus amigos sinxelos
e os meus amigos importantes. Lembro a todos aos que pasaron
pola miña vida.
Unha árbore de raices profundas para que os seus nomes nunca sexan
arrincados
do meu corazón, e que ao romper o ano próximo traian esperanza, amor e
paz.
E no Nadal, Señor, poidamonos atopar para compartir uvas de
Esperanza
Poñendo un pouco
de felicidade en aqueles
que todo o perderon.

# O NACEMENTO.









## OBRADOIRO.

# OBRADOIRO HALLOWEEN “OS VAMPIRIÑOS DO ACTIMEL”.

Os nenos e nenas de 4º aproveitaron as clases de plástica para a realización dun obradoiro no que fixeron uns vampiriños nas datas próximas ao Samaín (Halloween).

Os nenos e nenas trouxeron das súas casas botes de Actimel



Logo fixeron as cabezas con plastilina e botáronlle moita cola.
Cando secou, pintaron con permanente as faccións dos vampiros...



Non se necesita demasiado material, aínda que hai que ter todo previsto...



Para facer as capas, recortamos un rectángulo de cartolina negra que vai pegada ao corpo cunha pouca de cola....



Un lazo vermello para vestir ao noso elegante vampiriño...



Suxeitamos a capa cunha gomiña negra, que pasamos por uns pequenos buracos que fixemos co punzón na cartolina...



Facémoslle un dobre nudo.....



Dobramos os picos do pescozo para darlle un aspecto máis aterrador....



Os nenos e nenas poñen os seu nome e a súa clase no lombo do vampiriño para acordarse quen foi o seu creador...



E xa temos un vampiriño de actimel listo para aterrar aos nenos e nenas de Cariño no día de Samaín....



**ALUMNAS E ALUMNOS DE 4º**



# BIBLIOTECA.



**OLA RAPACES!**

Como cada ano cando se aproxima o Nadal, deixo por un momento, o libro que estou a ler e decido contarvos as novidades da ***BIBLIOTECA.***

Este curso renovouse o *equipo de apoio da biblioteca*, algúns profesor@s xa estaban antes e outros son novos.

E tamén hai *alumnado colaborador ou bibliotecario*, son alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º curso de Primaria. No mes de setembro apuntáronse voluntariamente os alumnos/as que querían ser colaboradores na biblioteca. O alumnado interesado tivo unha explicación sobre o funcionamento da biblioteca. E despois para saber quen serían os elexidos tiveron que facer unha “proba”; consistiu en colocar un libro da biblioteca no seu sitio correctamente. Para iso, había que fixarse na etiqueta lateral do libro e seguir as pautas indicadas. Algúns alumnos non a superaron e quedaron eliminados. A outros costoulles un pouquiño e son os bibliotecarios suplentes. E un grupo de 22 alumnos que o fixeron sen ningunha dificultade. Son os bibliotecarios. Cada semana hai 3 bibliotecarios (un alumno/a de cada curso) e 3 suplentes, (por se falta ao colexio o bibliotecario).

O seu traballo realízase durante os recreos dunha semana na biblioteca e consiste en facer empréstitos, poñer a data de devolución nos “bolsilibros” dos exemplares emprestados, devolver exemplares, revisar os exemplares devoltos, colocar exemplares nos andeis, ...). Cada día hai un profesor de garda na biblioteca que axuda ao traballo dos bibliotecarios.

Como novidade neste curso escolar, dicir que hai *6 ordenadores* á disposición do alumnado no recreo, e están moi solicitados. Durante o recreo veñen moitos nenos e nenas, algúns para conectarse a internet e facer xogos, e outros a buscar un exemplar.

Eu, igual que vos, vou escribir unha loooooonga *carta aos Reis Magos*. Aproveitarei para pedirlles máis e máis libros e DVDs porque en realidade nas vosas suxestións do buzón “Ti opinas” é o que queredes. Anímovos a ler. E lembrádelles aos Reis Magos que entre tantos agasallos haxa algún libro.

Vou seguir coa miña lectura, agochadiño entre os libros. Ata pronto e unha enorme aperta.



**M U L T I L E O deséxavos un FELIZ NADAL PARA TODOS. E moitas gañas de ler.**



# A SAÚDE.

*A MASCOTA DA SAÚDE*



A SEÑORA PLATANDINA,
UNHA MASCOTA MOI FINA,
CHEGOU AO COLEXIO
CON MOITOS CONSELLOS...
NOMEADA POR MAIORÍA
E CON GRANDE SABIDURÍA
DA SAÚDE MASCOTA
MENUDA CHORRA!



SE COMES FROITA
TODOS OS DÍAS
MEDRARÁS CON ALEGRÍA;
FAI COMO PLATANDINA:

"*ZUME DE LARANXA*
*PARA COMEZAR O DÍA*
*E UNHA MAZÁ*
*A MEDIA MAÑÁ,*
*CULLER E KIWI*
*DESPOIS DE XANTAR*
*E TAMÉN UN PLÁTANO*
*PARA MERENDAR.*
*AH! E DE CEA?*
*XENIAL...UNHA PERA".*



MANDARINAS OU CLEMENTINAS,
AMEIXAS E MÁIS CEREIXAS,
UVAS BRANCAS OU NEGRAS,
GRANADAS E FRESAS,
MELOCOTÓN OU MELÓN...
COME FROITAS A MOGOLLÓN!!



GRAZAS A TOD@S POR PARTICIPAR
E MOITAS MASCOTAS DEBUXAR.
*BICOS*

***PLATANDINA***



# ENFERMIDADES E LESIÓNS.

| **CATARRO** | |
|---|---|
|  | Tés mocos e algunhas veces tos e dor de garganta.<br>É unha enfermidade non moi grave e non hai que tomar medicinas, só hai que ter panos e descansar. Aínda que algunhas veces hai que tomar as medicinas cando tes febre ou calquera cousa máis. |
| Paula Tallón Fuentes. | |

| **ANXINA-PLACAS** | |
|---|---|
|  | As placas son unha infección de garganta na que se forma pus e son moi molestas.<br>Cúranse con antibióticos que nos da o médico. |
| Uxía Fernández Martínez. | |

| **ROTURA DE ÓSOS** | |
|---|---|
|  | Cando unha persoa rompe un ósos ten que manter a calma e non moverse.<br>Tes que chamar ao 911 e eles encárganse do ferido.<br>Fanlle unha radiografía para ver a lesión e poñen na rotura unha escaiola.<br><br>Despois duns meses poderá quitar a escaiola. |
| Carmen Docal García | |

| **CORTE SUPERFICIAL.** | |
|---|---|
|  | 1.- Lavar o corte con auga e xabón para sacar a suciedade e matar os microbios.<br>2.- Podemos poñer un desinfectante como “Betadine”, ou auga osixenada.<br>3.- Deixalo ao aire libre para que cicatrice. |
| 6ºA | |



# DEPORTES.




Ola amigos e amigas este ano coma case todos na sección de deportes vouvos falar do Clube Deportivo Cariño, as catro primeiras categorías:

Os benxamíns van últimos na liga e os seus mellores xogadores son Pablo Novo, Bea e Marcos.

Os benxamíns van oitavos na liga e os seus mellores xogadores son María, Xandre e Cristian.

Os alevíns van penúltimos na liga e os seus mellores xogadores son José Andrés, Abel e Rubén.

Os infantís son os que mellor van na liga de todas as categorías, eles son segundos e os mellores xogadores son Antonio, Sergio Maseda e Javi.

Informa Eva Pernas de 6ºB







# HUMOR E PASATEMPOS.




Outono bonito
folliñas no chan
castañas asadas
que ricas están.

Josemi

Alto nimnín
ruin cabaleiro;
rompelle a bolsa
e caelle o diñeiro.

A castaña.

Laura G María Cal.

A castaña na lareira
fixo pam e reventou
¡ai, pobriña da castaña!
vaia golpiño levou.

Xiana

Alta estou
ladrón vexo vir,
do meu carapucho
non podo fuxir.

A castaña

Bruno Calvo
Pérez

Castañas no nadal
saben ben e pártense mal.

Pablo

# SOPA DE LETRAS



**Busca os seguintes elementos relacionado co outono.**


CASTAÑA

ZONCHO


CHOIVA


SOUTO


| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | S | T | A | Ñ | A | S | U | L |
| S | G | L | Z | X | T | I | O | F | P |
| O | L | B | C | H | O | I | V | A | R |
| U | A | D | T | U | C | H | A | Z | A |
| T | O | C | Q | O | U | A | Q | O | S |
| O | L | N | B | P | A | Z | U | N | I |
| S | T | S | L | B | F | O | F | C | Z |
| C | H | I | V | A | I | N | C | H | C |
| N | O | O | P | U | O | C | T | O | L |
| B | G | V | Z | A | M | B | Q | P | D |

(David, Laura e Inoa de 2ºA)

ourizo


cucurucho



vento

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | A | G | O | S | T | O | Q | L | O |
| O | C | Q | U | Z | O | C | G | M | Z |
| O | D | O | R | M | V | U | C | X | U |
| M | E | A | I | U | B | C | G | D | A |
| A | O | S | Z | A | T | U | B | Q | G |
| Q | F | U | O | Z | B | R | E | V | P |
| B | H | E | B | M | V | U | L | A | G |
| I | I | Ñ | N | D | D | C | U | U | E |
| P | X | B | I | L | B | H | I | V | Q |
| C | Z | V | E | N | T | O | O | E | U |


Magosto

(Marcos, Xiana e Sergio de 2ºB)



**Busca palabras relacionadas con algúns dos xogos populares que realizamos na celebración do Magosto.**













| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | O | H | A | B | D | A | A | O | P |
| U | A | Z | Q | U | A | I | B | X | U |
| Z | N | N | U | X | M | L | V | R | N |
| M | O | Ñ | O | A | O | L | N | H | U |
| F | N | D | P | I | R | C | O | B | Ñ |
| I | C | Z | A | N | C | O | S | C | H |
| T | R | T | Z | A | O | R | R | O | R |
| O | S | C | A | R | S | D | U | M | T |
| D | M | Q | P | A | T | A | T | V | X |
| C | A | R | O | L | I | N | H | I | S |

**(Esther, Juan Luís e Bruno de 2°A)**










| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | D | E | G | H | L | M | Ñ | R | Q |
| B | A | F | A | V | I | N | G | P | B |
| S | T | C | U | X | I | Z | O | I | A |
| A | D | H | E | F | G | H | M | L | M |
| O | M | A | R | I | O | L | A | N | B |
| I | E | V | A | N | A | P | Ñ | S | O |
| E | E | E | B | O | B | I | O | I | L |
| B | P | R | S | T | A | V | U | T | O |
| P | B | B | I | Z | S | X | I | B | S |
| I | B | H | Ñ | R | A | Z | A | C | D |




**(Josemi, María e Alba de 2°B)**



**Busca as palabras relacionadas cos froitos de outono e as partes da árbore.**










| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | S | T | A | Ñ | A | V | R | U |
| X | B | B | N | Q | N | C | E | S | O |
| I | M | V | Ñ | U | V | A | J | U | A |
| S | R | A | X | R | S | D | G | V | H |
| T | S | S | Z | S | E | S | X | M | A |
| O | P | G | N | Á | L | P | O | T | X |
| H | Q | R | B | E | I | X | O | N | C |
| O | Z | O | C | I | U | T | N | L | R |
| V | R | H | V | Q | M | R | O | Z | S |
| M | L | S | M | S | R | S | Z | X | T |




(Diego, Bea e Juan de 2°B)







| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B | P | A | D | X | H | P | R | O | R |
| M | O | P | S | P | Z | T | A | V | A |
| C | L | D | M | O | T | E | F | I | Í |
| B | A | Q | E | R | A | L | M | N | Z |
| T | R | O | N | C | O | N | T | O | S |
| Q | U | D | V | E | L | M | P | P | C |
| A | C | E | Z | D | U | H | Z | D | U |
| M | I | X | T | R | Z | B | I | P | E |
| E | E | I | V | S | T | E | F | I | L |
| F | O | L | L | A | S | C | O | T | V |







(Alicia, Alonso e Yaiza de 2°A)

TRABALENGUAS
Pablito clvóu un clavito
na calva dun calvito.
Na calva dun calvito,
un clavito clavóu Pablito.

TRABALENGUAS
¡Qué triste estás ,
Tristán, con tan tétrica
trama teatral!!

ADIVINANZA
Adivina quen sou:
Ao ir parece que veño,
e a o veñir , e que me
vou.

oxergnac

CHISTE
-¿Qué fai un pato cunha pata?
¡Se cae !

CHISTE
-¿Cal e o único animal que
ten os peis na cabeza?
¡O piollo !

¿SABÍAS QUE …?
O carnaval máis longo
do mundo e o uruguayo.
Dura case 40 días.

¿SABíAS QUE…?
O home máis pequeno do mundo ten a estatura dun neno de tres anos.

ADIVINANZA.
Teño ás e pico ,
e falo e falo
sen saber o que digo.

oruol

Federico Perez Freire 5º B

***Mamá,mamá, Os bombons teñen patas?***

***-Non fillo meu.***

***-Entón comín unha cucaracha.***

***Jaimito cánto é 2 por 2?***

***-Empate***

***E, Cánto 2 por 1?***

***-Oferta***

***Qué lle di Tarzán a un rato?***

***-Tan pequeno e con bigote.***

***E, o rato a Tarzán?***

***-Tan grandote e con cueiros.***

***Por que se suicidou o libro de matemáticas?***

***Porque tiña demasiados problemas.***

***Andrea Loureiro 5º B***

**CHISTE 1.-**

**Chega un home a un bar, e dille ao camareiro:**
- **Pódesme dar un gdgtskuf de pipas?**

**E o camareiro respóndelle:**
- **Un paquete de que?**

**CHISTE 2.-**

**Batman:**
**- Robin, levamos moito tempo xuntos e queríache agradecer a túa fidelidade durante todo este tempo cun agasallo, o meu batmobil...**

**Robin: (moi ledo)**
- **De verdade? Dismo en serio? Non sei se o merezo...**

**Batman:**
- **Claro que si... non sexas modesto... apunta... 66538...**

**CHISTE 3.-**

**En clase de historia:**
- **Xaimito, cal foi a causa da derrota dos celtas?**
- **Hum... non sei, pero estou casi seguro de que a culpa foi do árbitro...**

**CHISTE 4.-**

**O mestre pregunta:**
- **A ver Xaimito, cantos ollos temos?**
- **Catro!**
- **Como que catro?**
- **Sí, dous vostede e dous eu... Non dixo temos?**

**CHISTE 5.-**

**Unha rapaza dille ao tendeiro:**
- **As avelás que me vendeu saíronme todas malas!**
- **A min que me di! Eu véndoas, non as educo...**

**Anxo López Novo 5° B**

Un de Lepe pregúntalle a outro:
-Ti cres que o leite engorda?
-Home, non viches como están as vacas?

Chega James Bond a Lepe e di
-Eu son Bond,James Bond.
E un de Lepe contesta:
-E eu son Brosio, o Ambrosio.

Que cousa é,para adiviñar é,
Que canto máis grande é
menos se ve,
e canto máis pequena,
máis se ve?

*a solución lese ó revés*

RESPOSTA:edadirucso a

No alto estou
E no alto me teño
con unha risada
perdo o que teño

*a solución lese ó revés*

RESPOSTA:añatsac a

Andrea novo vila

por que non quixeron enterrar a Franco en Xerusalén?
porque tiñan medo de que resucitara aos tres días.

un neno ao seu pa´:"pai viñeron a preguntarse vendiamos un burro"
e ti que lle dixeches?que non estabas.

alto vive
alto voa
alto toca a castañola.
Solución "a cegoña"

Era unha chica tan fraca tan fraca tan fraca que comprou unha camiseta de 1.000 liñas e sobráronlle 999.

O 5 de xullo de 1996 clonouse unha ovella chamada dolly.

Carlo de la Cruz

Branco coma o papel
e rompe coma o cristal;
todos o poden abrir,
ningún o pode pechar.

*a solución lese ó revés*

RESPOSTA:ovo o

Jaimito está na escola e dille a profesora:

- *Que vén despois de Marte?*
- ***Mércore*** – dille Jaimito.
-

Helena 5º A

Pai,pai. Que é roubar?
cala,e corre.

a ver fillo canto é 4 por 4?
"empate"
e,2 por 1?
"oferta"

Chiste:
Era un home tan alto tan alto tan alto,que comeu un iogur e cando chegou ao estómago xa estaba caducado.

Sabias que...?
A muller mais vella do mundo ten 130 anos aproximadamente.

Sabias que...?

1-Unha madre pregúntalle ao seu fillo:
-Está contento contigo o mestre?
-Si.
-E ti con el?
-Máis aún.
-Por que?
-Porque di que se todos os nenos fosen como eu,pechaba a escola.
2-RIIING!!!
-Está Agustin?
-Non estou incomodín.

CARLOS PERNAS FRAGUELA 5ºB

A nai ó fillo:
- E o mestre,¿ está contento contigo?
-¡Home, e tanto!
-¿E ti con el?
-¿Máis aínda!
-Por que?
-Pois porque dixo que se tódolos nenos fosen coma min, pechaba a escola.

A mestra pregúntalles aos  alumnos:
-Si eu como 3 peras, 15 laranxas e 1 sandía, ¿cal será ou resultado?
E unha voz que ven do fondo da clase:
-Unha cagarría, mestra.

Diego In- Albon Tojeiro

Unha nena foi o campo para visitar a súa avoa.
A avoa tiña un criadeiro de aves enormes, e a nena,
De repente, paseando pola granxa, viu un pavo real.
Volveu correndo a casa, moi contenta,
Díxolle a avoa:
-¡Avoa! Unha das galiñas xa floreceu.

-Manoliño, ovo que é masculino ou femenino?
-Depende, mestra
-Depende de que?
-Pois, hai que agardar a que naza o pito, para saber
Se é macho ou femia.

Pregunta
Define varón
Resposta:  ***home de sexo masculino***

Pregunta: Cómo se chama nun cómic
o  que falan os personaxes?
Resposta: ***bocata***.
(Nun exame)

- Mamá, cómo nacín eu?
- Tróuxote a cegoña -dixo a nai.
- E tí, cómo naciches? -dixo a nena.
- A miña nai tróuxome de París.
- E a avoíña?
- Encontrarona dentro dunha col.
  – Pero.......é que non houbo ningún nacemento normal nesta familia?

Dous xóvenes estaban nun bar.
- Porque bebes a cervexa cunha palla?
Preguntoulle un ao outro.
E el respondeulle:
- Prometinlle á miña nai que non volvería a poñer os beizos nunha copa.

Era un home tan baixo tan baixo que non lle cabía a menor dúbida.

Que é?
“noventa e nove, pum!”
“noventa e nove, pum!”
“noventa e nove, pum!”

Solución: un cempés cunha pata de pau.

Cal é o dia máis longo da semana? Solución: o mércores porque ten máis letras.

Que se necesita para encender unha vela? Solución: que estea apagada.

María Vila Iglesias.

**ENCRUCILLADO**

de Jesús e Julián (5º A)

**Palabras do NADAL**

1.- Nai de Xesús

2.- Doce típico do Nadal

3.- Pai de Xesús

4.- Fillo de María e Xosé

A.- Obsequios ou regalos

B.- Rei negro

C.- Adórnase no Nadal

D.- Lugar onde naceu Xseús




Atopa estas palabras na sopa do Nadal :
PAPANOEL-MARIA-XOSE-MULA-BOI
REIS-LEDICIA-NOITEBOA-ARBORE.
(Uxía e Rocío – 5º A)

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L | E | O | N | A | P | A | P | I | O |
| I | M | P | A | F | O | S | L | D | S |
| A | L | E | D | I | C | I | A | I | E |
| D | E | B | I | T | A | O | S | M | R |
| A | S | O | A | R | B | I | D | A | T |
| R | A | I | L | E | R | O | B | R | A |
| E | E | S | T | I | A | Ñ | R | I | L |
| X | E | I | T | O | S | I | A | A | U |
| R | O | T | S | I | X | O | S | E | M |
| N | D | O | R | I | T | M | O | S | E |



• Une os puntos.

Resolve estes cadrados máxicos que dan quince.

| | | |
|---|---|---|
| | | 2 |
| 3 | | |
| | 1 | |

Coloca estes números :

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |

| | | |
|---|---|---|
| 8 | 3 | 4 |
| | | |
| | | |

Coloca aquí estes outros:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 5 | 6 | 7 | 9 |




## BUSCA AS DEZ DIFERENZAS



Diego e David Cezar

# Outras portadas




















SUBVENCIONADO POLA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
XUNTA DE GALICIA


**CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" CARIÑO A CORUÑA**